



REGISTRO XERAL DE INTERDICIÓN DE ACCESO AO XOGO (RGIAJ)

SOLICITUDE A PETICIÓN DO INTERESADO

(Se escribe á man: en maiúsculas con letra clara. Tamén escriba os números con claridade. Se é posible: cubra o formulario en ordenador e logo imprímalo. Ten que **asinar** a solicitude. Ten que achegar **copia do seu documento** identificativo)

DATOS PERSOAIS: (Copie os datos seguintes tal como aparecen no seu documento identificativo)

NOME:		
APELIDO 1º:	APELIDO 2º:	
TIPO DE DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN:		
DNI	NIE / Tarxeta de Residencia (Con estes documentos poderase comprobar a prohibición en xogo presencial e <i>online</i>)	
Pasaporte	Outro (Con estes documentos poderase comprobar a prohibición só en xogo presencial)	
N.º de documento	(Se é vostede español ou cidadán estranxeiro con NIE, debe cubrir, polo menos, unha solicitude con NIF ou NIE, respectivamente. Para maior protección en xogo presencial, cubra outras solicitudes con pasaporte ou outro dos documentos de identificación admitidos)	
NACIONALIDADE:	DATA NACEMENTO (dd/mm/aaaa):	SEXO:
		Home Muller
DOMICILIO: (A efectos de notificación; indique o tipo e nome de vía, número, portal, escaleira, piso e porta) CÓD. POSTAL:		
LOCALIDADE:	PROVINCIA:	PAÍS:
CORREO ELECTRÓNICO:	TEL. 1:	TEL. 2:

SOLICITUDE (Seleccione polo menos unha das opcións)

Inscripción no RGIAJ (ALTA no Rexistro, sen acceso a xogo *online* nin a locais de xogo)

Modificación de datos contidos no RGIAJ

Cancelación no RGIAJ (BAIXA no Rexistro, se está inscrito e desexa volver xogar)

Certificado de situación no RGIAJ

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA

DNI

NIE / Tarxeta de Residencia

Pasaporte

Outro (Especifique)

DECLARACIÓN, LUGAR, DATA E SINATURA

Manifesto a miña oposición a que a Dirección Xeral de Ordenación do Xogo comprobe os meus datos identificativos necesarios para a resolución deste trámite no Sistema de consulta de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Función Pública (SCDI)

A persoa abaixo asinante, **DECLARA**, baixo a súa expresa responsabilidade, que leu toda a información relacionada ao dorso, que se ativo ás instrucións contidas na solicitude e que son certos os datos que se expresan.

En _____, a _____ de _____ de 20____

O/A SOLICITANTE

ASINADO:

INFORMACIÓN

O REGISTRO XERAL DE INTERDICIÓN DE ACCESO AO XOGO:

Neste Rexistro recóllese os datos daquelas persoas que voluntariamente non desexan exercer os seus dereitos ao libre acceso aos xogos de azar ofrecidos por calquera empresa comercializadora de xogos de azar e onde a normativa reguladora dos devanditos xogos, xa sexa estatal para os xogos *online* ou autonómica para o resto de xogos, especifique que é necesaria a identificación previa para realizar calquera actividade de xogo.

NORMATIVA APLICABLE

O procedemento de inscrición no Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo (RGIAJ), regúlase no Real decreto 1614/2011, de 14 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, no relativo a licenzas, autorizacións e rexistros de xogo.

TRAMITACIÓN DA SOLICITUDE POLA DIRECCIÓN XERAL

Transcorridos 15 días dende a entrada da súa solicitude na DGOJ, recibirá no domicilio indicado unha carta que confirme o resultado do trámite solicitado. Se transcorrido o devandito prazo non recibe a confirmación, póñase en contacto con esta Dirección Xeral a través da conta de correo: dgoj.interdicciones@hacienda.gob.es ou no teléfono 914 250 811. En tanto non reciba a comunicación, o trámite non estará resolto.

A inscrición no RGIAJ terá efectos en todo o territorio nacional e supoñerá a prohibición de acceso ao xogo *online* (ver operadores licenciados en www.ordenacionjuego.es/es/operadores/buscar) no caso de ter realizado a inscrición utilizando como documento identificativo o DNI ou NIE, e a todos os xogos presenciais que requiriran a comprobación de que o interesado non está inscrito neste rexistro segundo a normativa propia de cada comunidade autónoma. (Para máis detalle, consulte <http://www.ordenacionjuego.es/es/ccaa-rgiaj-ficha>).

Unha vez inscrito no RGIAJ, os operadores de xogo online son notificados de forma automática, prohibindo o acceso ás súas plataformas de xogo. No caso de xogo presencial, a acción terá efecto unha vez que as correspondentes Unidades de Xogo das comunidades autónomas descarguen as correspondentes actualizacións do Rexistro e procedan a comunicalo aos locais de xogo onde a súa normativa esixe a identificación previa.

DURACIÓN

A inscrición no RGIAJ é indefinida. Non obstante, a petición do interesado, poderá solicitarse a cancelación da inscrición, transcorrido un período mínimo de seis meses dende a mencionada inscrición.

MODIFICACIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 61. Modificación e cancelación dos datos inscritos do Real decreto 1614/2011, do 14 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, no relativo a licenzas, autorizacións e rexistros de xogo, o interesado inscrito no RGIAJ deberá notificar á Dirección Xeral de Ordenación do Xogo, para a súa modificación, os cambios que se produciran nos datos inscritos no Rexistro.

RECURSOS

Contra o acto administrativo derivado da presente solicitude, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso de alzada ante o titular da DGOJ no prazo dun mes, contado dende o seguinte á súa notificación, de acordo co que dispoñen os artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do art.13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 (Regulamento Xeral de Protección de Datos Persoais), infórmase que os datos persoais facilitados mediante o presente formulario e demais que se achegan, serán tratados pola Dirección Xeral de Ordenación do Xogo (DGOJ) coa finalidade de posibilitar a exclusión a actividades de xogo, así como elaboración de tratamentos con fins históricos, estatísticos e científicos en materia de xogo, así como da súa incidencia na sociedade.

O mencionado tratamento de datos persoais é necesario para o interese público ou o exercicio de poderes públicos conferidos á DGOJ pola lei 13/2011 de regulación do xogo. Os seus datos persoais non serán comunicados a terceiros. De acordo co previsto no citado Regulamento 2016/679, poderá exercer os seus dereitos ante o responsable do tratamento mediante solicitude dirixida á DGOJ acorde aos procedementos recolleitos na información adicional sobre protección de datos no tratamento de interdiccións de acceso ao xogo (<https://sede.ordenacionjuego.gob.es/es/inf-privacidad-datos-tratamiento-Rgiaj>) a cal debe ler antes de asinar e presentar o presente formulario.